

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (ÁREA SANITARIA DE VIGO) E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A CESIÓN DE USO DUNHA SALA NO CENTRO DE SAÚDE SAN PAIO DE NAVIA (VIGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PRENATA E PERINATAL PARA NAIS EN DIFICULTADE SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde (Área Sanitaria de Vigo) ten previsto formalizar coa Fundación Meniños o instrumento convencional arriba referido con un período de vixencia de un ano contado desde o día seguinte da súa sinatura .
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto a cesión a título gratuito e en concepto de precario do dereito de uso dunha sala no Centro de Saúde San Paio de Navia (ubicado en Poza Cabalo, s/n, Vigo) á Fundación Meniños para a posta en marcha dun programa de atención prenatal e perinatal para nais en dificultade social na Área Sanitaria de Vigo, coa finalidade de diminuír as situacións de risco, que afecten á infancia e ás súas familias.
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determinando que ten as funcións de exercer o goberno, a dirección e a xestión de centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos. Dentro da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é o órgano responsable de impulsar os programas e actuacións sanitarias e sociosanitarias.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, asinou un convenio de colaboración coa Fundación Meniños para desenvolver o Programa de atención prenatal e perinatal para nais en dificultade social. Trátase dun programa de apoio ás nais que se atopan en situación de risco co fin de evitar unha tutela posterior do neno ou nena. Comezou en Santiago de Compostela e agora implántase en Vigo.

Para o desenvolvemento deste programa en Vigo é necesaria a colaboración do Servizo Galego de Saúde, en concreto, da Área Sanitaria de Vigo, na detección das nais en risco social e para propiciar espazos onde se leven a cabo as actividades.

Pola súa parte, a Fundación Meniños é unha fundación constituída no ano 1996, de carácter privado, que traballa polos dereitos da infancia e da adolescencia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar un ambiente familiar de seguridade e afecto.

A Fundación ofrece servizos de intervención familiar de calidade contrastada para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e promove o seu dereito a medrar nun contorno familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral, actuando, investigando, difundindo coñecemento, innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura de bo trato á infancia e á adolescencia.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

